

**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE
DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO**

Lugar: Sala de Posgrao e Sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 26 de febreiro de 2026

Hora de comezo: 11:00 h

Hora de remate: 13:00 h

ASISTENTES

Antonio Collazo Fernández (director da Eido), presidente

Ignacio Pérez Juste (subdirector da Eido), secretario

Ángeles Parrilla Latas (responsable de calidade dos PD do ámbito Humanístico)

Marta Conde Sieira (responsable de calidade dos PD en Ciencias Mariñas)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

María Asunción Longo González (excusa)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento 2025
4. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos 2025
5. Seguimento do Proceso de Dirección Estratéxica: Cadro de Mando
6. Seguimento do Proceso de Xestión das Persoas
7. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación, se procede, das actas de sesións anteriores

Apróbanse por asentimento as actas das sesións da Comisión de Calidade da EIDO do 4 e 18 de novembro de 2025.

2. Informe da presidencia

O subdirector da EIDO informa da situación dos programas de verificación, acreditación, modificación e seguimento dos programas de doutoramento (PD):

- Recibiuse o informe definitivo favorable da ACSUG de renovación da acreditación do PD en Protección do Patrimonio Cultural.
Neste punto o subdirector da EIDO quere facer constar a súa felicitación aos responsables do PD polo traballo realizado.
- Aprobouse no Comité de Dirección de novembro de 2025 a declaración de interese do PD en Física, Computación e Ciencia Aeroespacial. A declaración foi tamén aprobada nun posterior Consello de Goberno. Aínda está aberto o prazo de elaboración da memoria do título.
- Aínda non hai novas sobre as modificacións substanciais de PD tramitadas en xuño/xullo do ano pasado.
- Tampouco hai novas sobre os informes de seguimento de PD presentados en xuño/xullo do ano pasado.

O subdirector da EIDO e o técnico de calidade Miguel Dorribo informan sobre a planificación da avaliación de títulos e centros da ACSUG para o curso 2025/2026. A planificación inclúe a renovación da acreditación de 4 PDs, o seguimento do PD en Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria e a certificación do SGC da

EIDO. A solicitude desta último realizouse en xullo de 2025 e estímase que a visita de certificación pode ter lugar o vindeiro mes de abril.

3. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento 2025

O subdirector da EIDO presenta un resumo do proceso e resultados da enquisa de satisfacción dos estudantes de doutoramento do ano 2025. A información detallada desta presentación está contida no informe de resultados realizado polo técnico de calidade Miguel Dorribo que se achega como documentación á comisión. Destacan como novidades nesta convocatoria de enquisas a información facilitada aos estudantes coas accións levadas a cabo baseadas en resultados das enquisas anteriores e a inclusión dun par de preguntas que permitan realizar o análise de expectativas incluído no procedemento de avaliación da satisfacción.

Tras a presentación do resumen de resultados houbo un debate no que Miguel Dorribo indicou que, a pesar de que os resultados de participación e satisfacción son positivos despois de 10 anos de realización das enquisas, hai aspectos como a orientación e a información que obteñen resultados cualitativos non tan positivos e suxeriu a posta en marcha dun grupo de traballo sobre este tema para propor iniciativas que melloren estes resultados. Outros membros da comisión secundaron a proposta e comentaron ademais a conveniencia da participación de estudantes neste grupo. Por último, a profesora Ángeles Parrilla tamén suxeriu a conveniencia de seminarios para profesores con información sobre como apoiar emocionalmente aos estudantes de doutoramento ou mesmo estender este apoio ao profesorado.

4. Informe dos resultados da enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos 2025

O subdirector da EIDO presenta un resumo do proceso e resultados da enquisa de satisfacción do Persoal Técnico, de Xestión, de Administración e Servizos (PTXAS) do ano 2025. Como no punto anterior, a información detallada desta presentación está contida no informe de resultados realizado polo técnico de calidade Miguel Dorribo que se achega como documentación á comisión. Tamén incluíse información de accións previas e realizouse unha análise de expectativa.

Ao comezo do debate sobre os resultados presentados, Miguel Dorribo fai constar o seu agradecemento ao subdirector da EIDO e ao Xefe de Servizo de Posgrao pola súa colaboración na realización e organización das reunións presenciais nas que se levaron a cabo as enquisas ao persoal. Ademais, propón a creación dun grupo de análise das enquisas para establecer os aspectos sobre os que se podería actuar dende a EIDO para mellorar os resultados que non son moi bos. O Xefe do Servizo de Posgrao, Xosé Luis Reboiro secunda a proposta e a súa participación no mesmo e comenta tamén que as poboacións pequenas dalgúns campus poden contaminar os resultados, pero que algunhas das razóns do malestar

do PTXAS son coñecidas coma a incerteza sobre as aplicacións informáticas ou a antigüidade da actual RTP que non está ben axustada ás necesidades dos servizos.

5. Seguimento do Proceso de Dirección Estratéxica: Cadro de Mando

O subdirector da EIDO presenta a situación actual das liñas de acción incluídas no Cadro de Mando do proceso de Dirección Estratéxica facendo un breve resumo da situación de cada unha das liñas estratéxicas da EIDO e os indicadores e metas asociadas. Esta información está recollida no Cadro de Mando que se achega como documentación á comisión.

6. Seguimento do Proceso de Xestión das Persoas

De acordo co establecido no Proceso de Xestión das Persoas dedicado a Persoal de Apoio o Xefe do Servizo de Posgrao, Xosé Luis Reboiro presenta á Comisión de Calidade un resumo da situación do persoal do servizo. En primeiro lugar, presenta un resumo das formacións previas ofrecidas e realizadas polo persoal do servizo xunto con novas necesidades de formación que sería conveniente levar a cabo (por exemplo, cursos específicos sobre SIGMA ou microcredenciales sobre IA ou información de acollida para o novo persoal do servizo). Por outra banda, tras facer unha repaso do persoal actual e a súas funcións, o Xefe de Servizo indica a conveniencia dunha revisión e actualización do persoal dispoñible xa que o número de títulos dos que se ten que dedicar o servizo é coñecido con unha anterioridade dun par de cursos e, en particular o número de mestrados cambia notablemente cada curso académico. A presentación do Xefe de Servizo remata cunha enumeración destas necesidades do persoal na que tamén se inclúe a necesidade dunha previsión de renovación do persoal debido ás xubilacións previstas e unha mellora do apoio informático.

Tras un breve debate, a Comisión de Calidade acorda, en cumprimento do establecido no proceso do SGC, enviar un escrito a Xerencia da Universidade indicando a situación actual do Servizo de Posgrao e as súas necesidades de formación e actualización de persoal.

7. Rolda aberta de intervencións

Non hai.

ACORDOS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EIDO – 26/02/2026

1. Formación dun grupo de traballo para estudar iniciativas de mellora para algunhas das cuestións incluídas nas respostas cualitativas da enquisa de satisfacción a estudantes de doutoramento.
2. Formación dun grupo de análise sobre ás enquisas ao PTXAS para identificar aspectos a mellorar sobre os que se poda actuar dende a EIDO.
3. Remisión dun escrito á Xerencia da universidade identificando as necesidades de persoal e de formación do Servizo de Estudos de Posgrao.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente